

# DISPARARON AO PIANISTA

Fernando Trueba e Javier Mariscal, 2023

# 1178

ESTREA EN NUMAX: 06.10.2023 | V.O.S.E. | +12 | 103 min

Un xornalista musical de Nova York comeza unha trepidante investigación tras a misteriosa desaparición do pianista brasileiro Tenorio Jr., habitual de Vinicius de Moraes entre outros. Este thriller de animación a ritmo de jazz e bossa-nova supón un punto de inflexión xusto antes de que o continente latinoamericano fose envolto en réximes totalitarios.

«Un filme fermoso e trágico polo que é e tamén polo que se nega a ser»

Luis Martínez, EL MUNDO



# DISPARARON AO PIANISTA

Fernando Trueba e Javier Mariscal, 2023

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## O canto de amor á vida e á música de Trueba e Mariscal

Por Àlex Montoya

Di Trueba que o seu filme amosa un choque de trens entre beleza e barbarie. Deste modo, as imaxes cheas de cor debuxadas por Mariscal con selo de autor e unha banda sonora repleta de fabulosos temas, fannos viaxar no tempo, e o espazo (de Río de Janeiro a Nova York e de aí a Bos Aires), cantaruxar sen facer ruído, mover lixeiramente a cabeza dun lado a outro, sentir que os nosos dedos poderían tocar o piano sen ter nin idea de tocar o piano.

(...) “Só quedan fragmentos dispersos na memoria dun puñado de persoas”, dise nun momento do filme. Á súa maneira, *Dispararon al pianista* toma a xustiza pola man da mellor maneira posible: dándolle vida ao morto, movendo os seus dedos sobre as teclas, facéndolle rir xunto a súa familia, ou xunto a outra das súas parellas na praia, recordándoo como o que é, un dos grandes da samba-jazz e da historia musical brasileira.

Publicado en [fotogramas.es](http://fotogramas.es)  
Traducido do español.

### Notas do director

Por Fernando Trueba

Gústame o jazz. Gústame a música brasileira. Hai uns catro anos, cando escoitaba un disco brasileiro dos 60, chamoume a atención o piano. Mirei a cuberta do disco e atopei un nome que non me dicía nada: Tenório Jr. Intentei saber algo máis del, se tiña algún disco baixo o seu nome, como líder. Si, no 1966, cando tiña vinte e cinco anos, gravou un disco chamado *Embaló*, pero estaba descatalogado desde había tempo. Pasaran case 40 anos. Que fixera desde entón? Que fora del?

A través de Internet atopei que fixera algunhas colaboracións en discos de diversa xente: Milton Nascimento, Gal Costa, Egberto Gismonti, entre outros, pero as últimas eran de 1975. Había 30 anos. Foi entón cando me encontrei coa súa historia. Tenório morreu en marzo do 76, con 35 anos. En realidade, non pode dicirse que morreu. Simplemente desapareceu. Estaba en Bos Aires acompañando a Vinicius de Moraes e Toquinho. A noite despois do último concerto saíu á rúa e ninguén o volveu a ver nunca máis. Non daba crédito. Un pianista brasileiro que desaparece en Arxentina? Por que? Intentei saber máis. Tenório saíu á rúa a comprar un sándwich -outros din cigarros, outros un medicamento, outros...

Tom Jobim, João Gilberto, Baden Powell, Sergio Mendes, Luiz Eça, Deodato, etc... son algúns dos protagonistas dunha idade de ouro que pon a música brasileira no centro da música mundial. Tenório Júnior forma con Luiz Eça e João Donato o triunvirato dos grandes pianistas brasileiros. Durante varios anos vou rastrexando por distintos lugares de Brasil, Arxentina, Estados Unidos, Francia... xente que poida falar de Tenório, de quen era, de como era, contarme cousas da súa vida, da súa música, da súa trágica desaparición. Tras máis de 150 horas de entrevistas a outras tantas persoas relacionadas directamente con Tenório, un día decido comezar a escribir o guión de *Dispararon ao pianista*. E escollo a animación como a linguaxe máis axeitada para recrear a súa vida, a súa música e a súa época.

Recuperado de [bteampictures.es](http://bteampictures.es)  
Traducido do español.



Na librería  
NUMAX  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Dispararon al pianista*,  
Fernando Trueba  
e Javier Mariscal.  
Salamandra graphics, 2023

*Verdad Tropical: Música  
y revolución en Brasil*,  
Caetano Veloso.  
Marea, 2020